



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación do persoal seleccionado no proceso selectivo GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aprobar as bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Mediante Decreto con data de 6 de xullo de 2026 publicouse o resultado do proceso selectivo e a contratación do persoal para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (programa *GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO*). Neste Decreto estableceuse o día 15 de xullo de 2026 como data de inicio do contrato e alta na Seguridade Social. Nesta data a persoa candidata non compareceu para a sinatura do contrato.

Mediante Decreto de 14 de xullo efectuouse o chamamento á seguinte persoa da listaxe de reserva, D. Rafael Hernández Jiménez, co fin de que presente a documentación requirida nas Bases da convocatoria para proceder á sinatura do contrato de traballo e á alta na Seguridade Social.

Resultando que con data de 17 de xullo de 2026 D. Rafael Hernández Jiménez presentou escrito manifestando a súa renuncia a este chamamento por atoparse en situación de activo (contrato por conta allea).

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Efectuar o chamamento á seguinte persoa da listaxe de reserva, D. Juan Manuel Alvela, co fin de que presente a documentación requirida nas Bases da convocatoria para proceder á sinatura do contrato de traballo e á alta na Seguridade Social.